

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**10029** *Real decreto 427/2021, do 15 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.*

A Directiva 90/394/CEE do Consello, do 28 de xuño de 1990, relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinóxicos durante o traballo, foi incorporada ao dereito español mediante o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

O dito real decreto establece as disposicións mínimas aplicables ás actividades en que as persoas traballadoras estean ou poidan estar expostas a axentes canceríxenos ou mutáxicos como consecuencia do seu traballo, e ten como obxecto a protección das persoas traballadoras contra os riscos para a súa saúde e a súa seguridade derivados ou que poidan derivar da exposición a axentes canceríxenos ou mutáxicos durante o traballo, así como a prevención dos ditos riscos.

A Directiva 90/394/CEE do Consello, do 28 de xuño de 1990, foi posteriormente modificada en diversas ocasións, o que levou á súa codificación mediante a Directiva 2004/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinóxicos ou mutáxicos durante o traballo (versión codificada).

Posteriormente, foi aprobada a Directiva 2014/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, pola que se modifican as directivas 92/58/CEE, 92/85/CEE, 94/33/CE e 98/24/CE do Consello e a Directiva 2004/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, co fin de adaptalas ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008 sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas. A transposición levouse a cabo mediante o Real decreto 598/2015, do 3 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención; o Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguranza e saúde no traballo; o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, e o Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguranza dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

Más adiante, a Directiva 2004/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, foi modificada mediante a Directiva (UE) 2017/2398 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2017, pola que se modifica a Directiva 2004/37/CE relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinóxicos ou mutáxicos durante o traballo. Modificáronse, en concreto, o anexo I, que contén a lista de substancias, mesturas e procedementos, e o anexo III, referido aos valores límite de exposición profesional para determinados axentes canceríxenos.

Como consecuencia diso, modificouse o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, con obxecto de cumprir coa transposición ao dereito español do contido da Directiva (UE) 2017/2398 do Parlamento Europeo e do Consello, e actualizáronse os seus anexos I e III. Isto levouse a cabo mediante o Real decreto 1154/2020, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

Posteriormente foi aprobada a Directiva (UE) 2019/130 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xaneiro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2004/37/CE relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinógenos ou mutágenos durante o traballo. Esta directiva engade no seu anexo I á lista de substancias, mesturas e procedementos os traballos que supoñan exposición cutánea a aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles do motor e os traballos que supoñan exposición a emisións de motores diésel; no anexo III amplíase a listaxe de axentes, algúns co seu correspondente valor límite.

Debido a iso resulta necesario modificar novamente o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, para dar cumprimento á obrigaición de incorporar o contido da Directiva (UE) 2019/130 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xaneiro de 2019, e actualizar o seu anexo I, para engadir novos traballos, e o III, para incorporar os novos axentes da directiva, algúns co seu correspondente valor límite.

Coa modificación do real decreto aumentará o nivel de protección da saúde e a seguridade das persoas traballadoras no traballo, dado que a implantación de valores límite para determinados axentes canceríxenos ou mutágenos contribuirá a reducir de maneira significativa os riscos derivados destas exposicións.

O real decreto consta de preámbulo, dun artigo único, dunha disposición derogatoria e de tres disposicións derradeiras. No seu artigo único modifícanse os anexos I e III do Real decreto 665/1997, do 12 de maio.

No anexo I engádense á lista de substancias, mesturas e procedementos os traballos que supoñan exposición cutánea a aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles do motor, e os traballos que supoñan exposición a emisións de motores diésel.

No anexo III engádense os seguintes axentes, algúns co seu correspondente valor límite:

Tricloroetileno; 4,4'-Metilendianilina; epiclohidrina; dibromuro de etileno; dicloruro de etileno; emisións de motores diésel; mesturas de hidrocarburos aromáticos policíclicos, en particular os que conteñen benzo[a]pireno e son axentes canceríxenos e, por último, aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles do motor.

Para as emisións de motores diésel inclúense as medidas transitorias establecidas na directiva que agora se traspón. Así, o valor límite aplicarase a partir do 21 de febreiro de 2023, excepto para a minaría subterránea e a construción de túneles, en que o valor límite se aplicará a partir do 21 de febreiro de 2026.

Para as mesturas de hidrocarburos aromáticos policíclicos, en particular os que conteñen benzo[a]pireno e son axentes canceríxenos, pero aos cales, de acordo coa directiva que agora se traspón, non se asigna de momento un valor límite xa que están pendentes novas investigacións para avaliar a súa necesidade, asígnase a notación «pel» debido á posibilidade dunha absorción significativa destas mesturas a través da pel.

Para os aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles do motor, aos cales tamén se asigna a notación «pel» debido á posibilidade dunha absorción significativa destas mesturas a través da pel, o considerando 15 da directiva indica que «é posible usar unha serie de mellores prácticas para limitar a exposición cutánea, entre as cales se encontran a utilización de equipamentos de protección persoal, como por exemplo luvas, e a retirada e limpeza da roupa contaminada».

A disposición derogatoria única derroga cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

A disposición derradeira primeira refírese á atribución constitucional de competencias en materia laboral. Na disposición derradeira segunda indícase que mediante este real decreto se leva a cabo a transposición da Directiva (UE) 2019/130 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xaneiro de 2019. A disposición derradeira terceira inclúe como

entrada en vigor o día seguinte ao da publicación do real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Este real decreto cumpre cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O real decreto responde á necesidade de transposición dunha directiva europea, xunto coa necesidade de mellorar a seguridade e a saúde das persoas traballadoras. É eficaz e proporcional, xa que regula os aspectos imprescindibles para que se poida cumprir o previsto nela. En canto ao principio de seguridade xurídica, a norma establece de maneira clara os límites que se deben aplicar. Ademais, cumpre co principio de transparencia xa que na súa elaboración houbo unha ampla participación dos sectores implicados, identifica claramente o seu propósito e a memoria ofrece unha explicación completa do seu contido. Por último, a norma é coherente co principio de eficiencia, dado que a súa aplicación non impón cargas administrativas.

Con este real decreto avánzase no cumprimento da meta 8.8. da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable, é dicir, en protexer os dereitos laborais e promover un contorno de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores, incluídos os traballadores migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con empregos precarios.

O real decreto está incluído no Plan anual normativo da Administración xeral do Estado 2020, aprobado o 8 de setembro de 2020.

Este real decreto dítase de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, foi sometido aos trámites de consulta pública previa e información e audiencia públicas, e na súa elaboración foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como as comunidades autónomas, e foi oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Traballo e Economía Social e da ministra de Sanidade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.*

O Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, queda modificado como segue:

Un. No anexo I engádense dous novos números 7 e 8 co seguinte contido:

«7. Traballos que supoñan exposición cutánea a aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubricar e refrixerar os elementos móbiles do motor.

8. Traballos que supoñan exposición a emisións de motores diésel.»

Dous. O cadro que figura no anexo III, valores límite de exposición profesional, substitúese polo seguinte:

## «ANEXO III

## Valores límite de exposición profesional

Nome do axente	N.º CE <sup>(1)</sup>	N.º CAS <sup>(2)</sup>	Valores límite						Observacións	Medidas transitorias
			De exposición diaria <sup>(3)</sup>			De curta duración <sup>(4)</sup>				
			mg/m <sup>3</sup> <sup>(5)</sup>	ppm <sup>(6)</sup>	f/ml <sup>(7)</sup>	mg/m <sup>3</sup> <sup>(5)</sup>	ppm <sup>(6)</sup>	f/ml <sup>(7)</sup>		
Po de madeiras duras.	–	–	2 <sup>(8)</sup>	–	–	–	–	–	–	Valor límite: 3 mg/m <sup>3</sup> ata o 17 de xaneiro de 2023.
Compostos de cromo VI que son canceríxenos no sentido do artigo 2.1 deste real decreto (expresados en cromo).	–	–	0,005	–	–	–	–	–	–	Valor límite: 0,010 mg/m <sup>3</sup> ata o 17 de xaneiro de 2025. Valor límite: 0,025 mg/m <sup>3</sup> para procesos de soldadura ou de corte por chorro de plasma ou outros similares que xeren fume, ata o 17 de xaneiro de 2025.
Fibras cerámicas refractarias que son canceríxenas no sentido do artigo 2.1 deste real decreto.	–	–	–	–	0,3	–	–	–	–	
Po respirable de sílice cristalina.	–	–	0,05 <sup>(9)</sup>	–	–	–	–	–	–	Valor límite: 0,1 mg/m <sup>3</sup> ata o 31 de decembro de 2021.
Benceno.	200-753-7	71-43-2	3,25	1	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
Cloruro de vinilo monómero.	200-831-0	75-01-4	2,6	1	–	–	–	–	–	–
Óxido de etileno.	200-849-9	75-21-8	1,8	1	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
1,2-epoxipropano.	200-879-2	75-56-9	2,4	1	–	–	–	–	–	–
Tricloroetileno.	201-167-4	79-01-6	54,7	10	–	164,1	30	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
Acrilamida.	201-173-7	79-06-1	0,03	–	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
2-Nitropropano.	201-209-1	79-46-9	18	5	–	–	–	–	–	–
o-Toluidina.	202-429-0	95-53-4	0,5	0,1	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
4,4'-Metilendianilina.	202-974-4	101-77-9	0,08	–	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
Epiclorohidrina.	203-439-8	106-89-8	1,9	–	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
Dibromuro de etileno.	203-444-5	106-93-4	0,8	0,1	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
1,3-Butadieno.	203-450-8	106-99-0	2,2	1	–	–	–	–	–	–
Dicloruro de etileno.	203-458-1	107-06-2	8,2	2	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>
Hidracina.	206-114-9	302-01-2	0,013	0,01	–	–	–	–	–	PeI <sup>(10)</sup>

Nome do axente	N.º CE <sup>(1)</sup>	N.º CAS <sup>(2)</sup>	Valores límite						Observacións	Medidas transitorias
			De exposición diaria <sup>(3)</sup>			De curta duración <sup>(4)</sup>				
			mg/m <sup>3</sup> <sup>(5)</sup>	ppm <sup>(6)</sup>	f/ml <sup>(7)</sup>	mg/m <sup>3</sup> <sup>(5)</sup>	ppm <sup>(6)</sup>	f/ml <sup>(7)</sup>		
Bromoetileno.	209-800-6	593-60-2	2,2	0,5	–	–	–	–	–	
Emisións de motores diésel.			0,05 <sup>(*)</sup> <sup>(9)</sup>							O valor límite aplicarase a partir do 21 de febreiro de 2023. Para a minaría subterránea e a construción de túneles, o valor límite aplicarase a partir do 21 de febreiro de 2026.
Mesturas de hidrocarburos aromáticos policíclicos, en particular os que conteñen benzo[a]pireno e son axentes carcinóxenos no sentido deste real decreto.									PeI <sup>(10)</sup>	
Aceites minerais previamente utilizados en motores de combustión interna para lubrificar e refrixerar os elementos móbiles do motor.									PeI <sup>(10)</sup>	»

<sup>(1)</sup> O número CE, é dicir, EINECS, ELINCS ou de «ex polímero (NLP)», é o número oficial da substancia na Unión Europea, tal como se define na sección 1.1.1.2 do anexo VI, parte 1, do Regulamento (CE) n.º 1272/2008.

<sup>(2)</sup> N.º CAS: número de rexistro do *Chemical Abstracts Service* (Servizo de Resumos de Produtos Químicos).

<sup>(3)</sup> Medido ou calculado en relación cunha media ponderada temporalmente cun período de referencia de oito horas.

<sup>(4)</sup> Límite de exposición de curta duración. Valor límite a partir do cal non se debe producir ningunha exposición e que fai referencia a un período de quince minutos, salvo que se especifique o contrario.

<sup>(5)</sup> mg/m<sup>3</sup> = miligramos por metro cúbico de aire a 20 °C e 101,3 kPa (760 mm de presión de mercurio).

<sup>(6)</sup> ppm = partes por millón en volume de aire (ml/m<sup>3</sup>).

<sup>(7)</sup> f/ml = fibras por mililitro.

<sup>(8)</sup> Fracción inhalable: se o po de madeiras duras se mestura con po doutras madeiras, o valor límite aplicarase a todo o po de madeira presente na mestura.

<sup>(9)</sup> Fracción respirable.

<sup>(10)</sup> Posible contribución importante á carga corporal total por exposición cutánea.

<sup>(\*)</sup> Medidas como carbono elemental.

#### Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

**Disposición derradeira segunda.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva (UE) 2019/130 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xaneiro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2004/37/CE relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinóxenos ou mutáxenos durante o traballo.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xuño de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO